

ACTA DA XUNTA EXTRAORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 23 DE XUÑO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecano

Fernández Fernández, Adolfo

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz P.

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Crespo Nogueira, Alba

Diz Domínguez, Andrés

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan ausencia

PDI

López Díaz, María

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, a xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o martes 24 de xuño de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da planificación do curso 2020/2021 tendo en conta a “Resolución Reitoral de 17 de xuño de 2020 para a implementación do acordo do 12 de xuño, do Consello de Goberno sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria”

2. Rolda de intervencións.

Comeza a sesión a decana indicando que o día 22 de xuño se convocou Xunta de Facultade pero foi suspendida por falta de quórum, dada a urxencia dos asuntos a tratar remitiuse nova convocatoria para o día 23 de xuño, agradece a presenza virtual das persoas que están conectadas para que finalmente a xunta de facultade de hoxe se poida realizar.

1. Aprobación, se procede, da planificación do curso 2020/2021 tendo en conta a “Resolución Reitoral de 17 de xuño de 2020 para a implementación do acordo do 12 de xuño, do Consello de Goberno sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria”.

Proposta I – Ampliar os motivos da semipresencialidade para o Grao en Xeografía e Historia á problemática de índole económica.

Apróbase por asentimento.

A decana continúa explicando que se remitiu ao profesorado dous cálculos diferentes sobre a capacidade das aulas asignadas á Facultade de Historia tendo en conta as medidas sanitarias. A primeira desde a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, con 17 postos por aula e a segunda, desde a conserxería do edificio con 12 postos. A explicación que se proporcionou na reunión que se realizou co vicerreitor é que esta diferenza obedece a que a vicerreitoría realizou os cálculos sobre os planos e a conserxería in situ.

Sobre a realidade dos 12 postos, se realizan as seguintes propostas para o seu debate e posible aprobación.

Proposta II – 4º curso de grao será presencial.

Apróbase por asentimento.

En relación a 3º curso de grao. Inicialmente comentouse a posibilidade de que os repetidores se consideraran alumnado semipresencial. Realizouse a consulta ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao e indicaron que todo o alumnado nunha materia ten o mesmo dereito a asistencia a clases e a realizar as actividades/prácticas presencialmente asociadas a esa materia independentemente de que sexan repetidores ou non. Todos pagan os prezos públicos da materia que lles da dereito a ter acceso a todo o contido, e é responsabilidade dos centros e das vicerreitorías competentes habilitar os medios necesarios para dar o servizo a todo o alumnado matriculado.

Proposta III – 3º curso de grao. Tentarase que terceiro sexa presencial pero dependerá do alumnado matriculado en cada materia. En función diso haberá docencia presencial ou ben quendas de rotación con docencia mixta.

Apróbase por asentimento.

Proposta IV – 2º curso de grao. Realizarase por quendas de rotación, docencia mixta.

Apróbase por asentimento.

En relación a 1º curso de grao, existe a posibilidade de solicitar a sala multiusos con capacidade, respectando as medidas de seguridade, de 55 persoas sentadas en cadeiras con pala. De lograr que se autorice o seu uso se podería realizar 1º curso presencial. Considera que temos o mesmo dereito que a Facultade de Ciencias da Educación e Traballo Social dado que eles dispoñen da maioría dos espazos grandes do Edificio de Ferro; incluso hai espazos amplos que antes eran salas de lectura que hoxe xa son usadas como aulas pola citada facultade.

Se desde a Vicerreitoría do Campus de Ourense se permite o uso desa aula primeiro curso podería ser íntegramente presencial. A decana pensa que é unha opción moi interesante dado que é alumnado novo, e será a súa primeira toma de contacto coa Universidade. A maiores, sería unha vantaxe competitiva con respecto á Universidade de Santiago de Compostela que non poderá ofertar primeiro presencial polo elevado número de alumnado. Solicitouse o uso da sala para os luns pola tarde e martes, mércores e xoves pola mañá.

Pide a palabra a profesora Beatriz Comendador para indicar que ten moitas dúbidas en relación ao uso dunha aula con capacidade para 55 persoas, porque as persoas poden correr un maior risco e sinala que tamén pode acontecer que o profesorado mesmo sexa o que teña que estar en corentena. Ademais considera máis realista un sistema mixto, a maiores con un sistema presencial non se vai facer o investimento en preparar a aula para facer compatibles o sistema presencial e a docencia síncrona.

Susana Reboreda, explica que esas 55 persoas entrarían con metro e medio de distancia e con todas as medidas de protección establecidas. O emprego do sistema síncrono obrigaría a turnarse por semanas dado que por días sería moi complexo e pouco funcional. Coas cifras que estamos rexistrando e nun aula con capacidade para 12, o alumnado estaría só 1 semana de cada catro. Propón que se vote a proposta.

Beatriz Comendador solicita uns minutos para poder falar do tema con Andrea Mouriño que tamén é profesora en primeiro curso.

Decídese esperar uns minutos e mentres a decana aproveita para explicar outros temas que se trataron onte na reunión co Vicerreitor de Planificación e Sostibilidade; por exemplo, se lles explicou que o servizo de limpeza non poderá limpar entre clase e clase todas as aulas. As clases serán de 50 minutos. Haberá subministro de xel limpador e o alumnado e o profesorado terán que asumir a responsabilidade, se cambian de sitio de limpar a mesa e o teclado ao chegar á aula. Fíxose a consulta de quen se ía responsabilizar de que o alumnado limpara. Indicouse que o alumnado ten que asumir as súas responsabilidades relativas á limpeza e a levar a máscara nos espazos comúns. Todos terán que cumprir as normas. Haberá un plan específico de protección

dos centros no que se concreten todas as medidas sanitarias. Designarase un responsable de seguridade por Centro, e se especificarán aspectos como que se un alumno ten febre non poderá asistir a clase.

Intervén Beatriz Vaquero porque considera que haberá que ver si o aire acondicionado se pode empregar no Edificio de Ferro, en xeral, e nesa aula, en particular, dada a importancia de ventilar os espazos. Susana Reboreda explica que se falou co vicerreitor e que se van a instalar filtros no sistema de aire do edificio.

Beatriz Comendador, intervén para indicar que se vai informar de se hai que acatar esta decisión da Xunta de Facultade porque haberá que estar nun aula 50 persoas sen renovación do aire e sen medidas de limpeza. A decana indica que haberá medidas de limpeza, pero que non persoal de limpeza.

Josefina Cadilla, a secretaria, comenta que a normativa establece que a decisión neste caso corresponde á Xunta de Facultade. A decana engade que só estarían excluídas aquelas persoas incluídas no grupo de risco, que probablemente non terán que dar clases presenciais. Antonio Presedo di que a decana debería informarse antes ofrecer unha explicación porque pensa que non é correcto o que está dicindo. A decana insiste que está informada e reitera a súa explicación de que se pertences a grupo de risco non hai que someterse a estes acordos. Fermín Pérez, en calidade de director do Departamento, expón que ao Departamento chegou a relación de persoas do grupo de risco e unicamente están Ladislao Castro e Luis Domínguez que é de Vigo.

Elena de Uña confirma a versión da decana. Explica que o grupo de risco está predeterminado por unha serie de indicadores, calquera que queira ser incluído, deberá realizar un recoñecemento polo Servizo de Prevención que decidirá si pertence ou non a grupo de risco. Así mesmo comenta que é problemático que teña que limpar o profesorado e o alumnado, e considera importante que se amose esa preocupación por escrito. Tamén considera que a posibilidade de contaxio existe en todas partes, na aula, no supermercado, nun restaurante, polo tanto é algo co que hai que convivir.

Beatriz Comendador intervén para expor que a Xunta de Centro vai votar unha decisión que compete especialmente ao profesorado de primeiro e nesta reunión soamente están como docentes de primeiro Elena de Uña, Fermín Pérez, Xosé Ramón Campos e Andrea Mouriño que asiste con dereito a voz pero sen dereito a voto. Hai profesorado de outros departamentos, e outros que se incorporarán pola lista de interinidade que tampouco están presentes. Sinala que nesta xunta extraordinaria se está tomando unha decisión que compete especialmente ao profesorado de primeiro curso, pero falta profesorado que non ten posibilidade de votar nin de manifestarse.

En relación a esta intervención a secretaria Josefina Cadilla explica que a Resolución reitoral de 17 de xuño de 2020 para a implementación do acordo do 12 de xuño do Consello de Goberno sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria establece no apartado Segundo.- que, sen prexuízo do previsto no punto anterior, as persoas que dirixen os centros dispoñerán ata as 14.00 h do día luns 29 de xuño de 2020 para solicitar que algunha ou varias das titulacións que xestionan comecen na modalidade exclusivamente presencial, previo acordo da súa Xunta de Facultade/Escola ou da comisión con competencias en materia docente, debendo resolver esta Reitoría sobre as ditas solicitudes, previo informe da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

Este documento indica que hai que adoptar un acordo porque hai uns prazos establecidos e o órgano competente neste caso, porque así o establece a normativa, é a Xunta de Facultade. Non poden intervir nesta decisión todo o profesorado de primeiro, xa que non pertencen todos á Xunta.

Susana Reboreda indica que o obxectivo é o da presencialidade máxima na medida en que o permitan as aulas. O ideal sería que tiveramos aulas máis grandes para que todos os cursos puideran ser presenciais.

Beatriz Comendador considera que estamos nun medio de alto risco e parece que o que ten que prevalecer sobre a saúde é unicamente o número de matrícula. Desexa que se garante que esa aula non é de alto risco, se ten fiestra, se vai haber limpeza, a ela persoalmente non lle parece que ofrezca as garantías necesarias. Terá que acatar a decisión da Xunta de Facultade pero considera que é unha decisión equivocada. Na súa opinión que non estamos carentes de risco e hai que minimizar o impacto, adiantando que a principios de setembro a situación será máis complexa.

Elena de Uña intervén para dicir que todo este asunto terá que estar condicionado aos aspectos fundamentais de saúde pública. Considera ilegal que o profesorado/alumnado sexa o responsable da limpeza e que non se deben asumir responsabilidades que non son da súa competencia. Tamén cre que se o alumnado ven unicamente unha vez ao mes ás clases presenciais, para iso que se faga o curso virtual. Se temos un aula o suficientemente grande onde se respecten as medidas de seguridade e temos un servizo que asegure esas medidas podería ser presencial, pero evidentemente todo está condicionado a moitos factores, todo neste momento está no aire.

Acordase que se realice unha votación sempre condicionada a que se cumpran determinadas condicións sanitarias.

Intervén Beatriz Comendador e Elena de Uña para dar varias opcións en relación aos termos no que se debe realizar a votación. Finalmente acórdase votar nestes termos:

Proposta V – 1º curso de grao. Posibilidade de docencia presencial na aula multiusos condicionada a cumprir (ir á docencia máxima que nos permite esa aula): Cesión da aula para uso da facultade, que a aula cumpra as normas de seguridade establecidas, asignación de competencias a prevención del control de usuarios (non vai limpar nin profesorado nin alumnado), determinación de persoas en situación de risco que quedarán excluídas deste acordo.

Realízase a votación entre os 15 membros presentes que figuran nestes momentos. Apróbase a proposta con 7 votos a favor, 1 en contra e 7 abstencións.

De non cumprirse estes requisitos a docencia para primeiro curso sería na Aula 0.5 e polo tanto síncrona.

Proposta VI - Dado que a maior parte do profesorado ten intención de gravar as súas clases, aspecto favorable para todo o alumnado pero especialmente para o semipresencial, solicitamos que en todas as aulas de docencia teórica se instale a tecnoloxía para realizar a docencia síncrona. Tamén sería fundamental que a Vicerreitoría do campus de Ourense nos adxudique a sala multiusos para realizar a docencia presencial en 1º curso. En caso contrario, a aula asignada habitualmente a este curso ao ter unha capacidade para 12 estudantes, só se podería asistir de xeito presencial unha semana de cada mes.

Apróbase por asentimento.

Proposta VII – En relación á aula de informática, solicitarase a posibilidade de utilizar a aula de libre acceso de informática (planta soto), como complemento á aula de informática da Facultade de Historia, cunha capacidade moi reducida.

Apróbase por asentimento.

Para tratar o tema de a realización das actividades presenciais antes do 21 de setembro solicítaselle a opinión dos representantes do alumnado. Intervén Amado Tierra para explicar que de 70 persoas responderon 4 que si que irían e o resto non respondeu. Entende que a resposta é negativa. Conclúe que a media sería de 4 ou 5 por actividade que se vaia realizar

Proposta VIII - Non realizar actividades presenciais antes do 21 de setembro.

Apróbase por asentimento



2. Rolda de intervencións.

Beatriz Comendador, pregunta como está o tema da reincorporación da Secretaria do Decanato despois da súa baixa por enfermidade de varios anos. Nese momentos alguén finaliza a sesión en lugar de pechala e dáse por finalizada a xunta extraordinaria. A decana informará a Bea Comendador da súa consulta por correo electrónico.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 h do día 23 de xuño de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba